



María Sieira Ríos, Secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha OPERARIO/A SOLDADOR/A (Expte. 2024 PSEL000003),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 23/07/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **"ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO. REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN."**

(...) En relación ás reclamacións á puntuación outorgada na fase do concurso de méritos, constan presentadas as seguintes reclamacións:

1ª.- Escrito presentado por **Alejandro Sieira Argibay**, con DNI número *****8019****, rexistrado de entrada na data 15/07/2024 co número 202418346, no que solicita a revisión da puntuación outorgada polo Tribunal no apartado de cursos de formación e perfeccionamento, na que obtivo unha puntuación de 0 puntos, polo que entende que os cursos e títulos que presentou non foron debidamente valorados.

Estudadas as referidas alegacións polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por Alejandro Sieira Argibay polos seguintes motivos:

- Os cursos *"Curso de Operador Plataforma Elevadora"*, *"Curso Operarios en traballos de soldadura e oxicorte"*, *"Curso Operarios de máquinas de mecanizado por deformación e corte do metal"*, *"Curso Instalacións, reparacións, montaxes, estruturas metálicas, cerraxería e carpintería metálica"* non foron valorados ó estar impartidos por entidades privadas e non contar coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público, tal e como esixen as bases da convocatoria, en concreto a base 9.1.1., apartado b) que dispón o seguinte: *"Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta."*
- O curso *"Curso de Adaptación de aplicacións de xestión avanzadas para Pymes"*, non foi valorado por entender este Tribunal que o seu contido non ten relación coas funcións da praza á que se opta, tal e como esixen as bases da convocatoria, en concreto a base 9.1.1., apartado b) que dispón o seguinte: *"Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción*





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.”

- A titulación da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, o Título de Técnico en Soldadura e Calderería e o título de Técnico en Automoción, son titulacións académicas que non son obxecto de valoración nas bases da convocatoria, polo que en cumprimento das citadas bases estas titulacións non poden ser obxecto de valoración por este Tribunal.

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución das reclamacións presentadas.

TERCEIRO.- Ratificarse nas puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos.

(...)

Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da fase de oposición:**

Nº	Apelidos e nome	Puntuación
1º	Alonso González Daniel	Non presentado
2º	Brión Calo Manuel	14,4
3º	Carracedo Rama Marcos	12,6
4º	Fernández Álvarez Manuel	13,2
5º	Fernández Queiruga Pablo	10,8
6º	García Tomé Luis Javier	12
7º	Lameiro Bea Juan Borja	13,2
8º	Laranga Nieto Martín	14,4
9º	López Fernández Juan Antonio	14,4
10º	Rey Vázquez Jesús Manuel	9
11º	Santos Puga Antonio	Non presentado
12º	Sieira Argibay Alejandro	15
13º	Sieira Pérez Diego	Non presentado
14º	Teira Oliveira David	Non presentado

SEGUNDO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do primeiro exercicio da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior.

TERCEIRO.- De conformidade coa Base 9.1.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración do primeiro exercicio da fase de oposición ou respecto do contido das preguntas





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

formuladas os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

CUARTO.- Convocar ós/as aspirantes que superaron este primeiro exercicio da fase de oposición para que o **día 31 de xullo do 2024, ás 9:30 horas se presenten na nave de obras municipais sita no lugar de Cruxeiras, nº 27, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (suposto practico), de conformidade coa Base 9.1.2 das que rexen este proceso selectivo.**

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

QUINTO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 23/07/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/07/2024 13:56:34

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000003

Fecha: 23/01/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

